

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. Jose Mª Da Rocha Álvarez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Julio Taboada Pérez
Dª Margarita Estévez Toranzo
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Pedro Antonio Araujo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Xosé Henrique Costas González
D. Guillermo de Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. José Ramón Fernández Bernárdez
D. Manuel Fernández Cruz
D. Alberto Gago Rodríguez
D. José Mª Gil Villanueva
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Manuel Gutiérrez Nieto
Dª. Mª del Pilar López Vidal
D. Víctor M. Martínez Cacharrón
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. Adolfo Pérez Abellás
D. Luis Pérez Gómez
D. Mariano Pérez-Martínez Pérez-Amor
D. José Pose Blanco
D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Luis Rodríguez Ennes
D. Antonio Rotea Villanueva
Dª Mª Elena Sánchez Trigo
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. José Tojo Suárez
D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
D. Xoán Xosé Santamaría Conde (UXT)
Dª. Nieves Redondo Álvarez (CC.OO)
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do trece de setembro de mil novecentos noventa e nove, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O xoves día 13 de setembro de 1999, ás 10:00 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29.07.99) .
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos de profesorado: Prazas BOE, visitantes, transformacións, comisións de servicios e licencias.
- 4º.- Aprobación, se procede, da normativa de elaboración e modificacións dos planos de estudio.
- 5º.- Aprobación, se procede, do expediente de validación de gastos.
- 6º.- Rogos e preguntas.

No punto 1, apróbase a acta coas correccións que xa figuran na redacción definitiva.

No punto 2, o Rector informa sobre:

- o acto conxunto de apertura de curso das tres universidades galegas que terá lugar o día 27 de setembro no salón de actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

- a aprobación na recente sesión do Consello da Xunta dos novos Centros na Universidade de Vigo: Facultade de Ciencias da Educación (Pontevedra), Facultade de Ciencias Empresariais e Escola Superior de Enxeñería Informática (Ourense).

- a próxima apertura no Campus de Lagoas-Marcosende dun servicio de expedición de DNI.

- do estudio que se está a facer sobre unha oferta conxunta de cursos de verán das tres universidades galegas.

Sobre o rogo feito polo profesor Corbacho na anterior Xunta de Goberno, o Rector respóndelle que non foi enviada comunicación á prensa despois do último Claustro.

Por último, o profesor Santamaría, en representación da UXT, pide que o Rector informe sobre o concurso de residencias . O Rector dá traslado da petición ó Sr. Xerente quen responde ás preguntas formuladas.

No punto 3, apróbase o seguinte:

* Prazas BOE:

X06	225	TIT-EU	Ourense	-----
X03	170	TIT-UN	Ourense	-----
X03	170	TIT-UN	Ourense	-----
X03	140	CAT-UNI	Vigo-Our.	-----
H02	583	CAT-UNI	Vigo	-----

* Transformacións:

X11	775	Jesús Adolfo Lage Picos	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X10	675	Arturo Maneiro Vila	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X10	105	Jorge Juan Rodal Miniño	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X09	650	Jesús Méndez Álvarez	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
X09	650	Luis Fernando Rodríguez Peña	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
X09	095	Patricia Florez Breijo	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
X09	095	María del Carmen Villar Rivera	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
X06	225	Marcos Casal Nogueira	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X06	225	Pastora González Lago	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X06	225	Ramón J. Varela Puig	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X03	135	Joaquin Macías Sánchez	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X03	125	Ana García Rodríguez	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X03	125	Jacinto Lareo Jiménez	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X03	125	Manuel Antonio Crespo Perez	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X02	165	Antonio Romero Lorenzo	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
T11	785	Antonio Murillo Roldán	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T09	570	Miguel Jiménez Polo	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T09	570	Antonio Domínguez Iglesias	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
T06	565	Francisco J. Romero Sánchez	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T06	295	María José Mijares Coto	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T01	305	Manuel Marcos Vidal García	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6

X04	215	Javier González Rajo	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
T02	535	Fernando Izquierdo Álvarez	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6

* Visitantes

Neste punto, o profesor R. Berrocal propón que tódolos profesores visitantes sexan contratados coa mesma categoría (Titular de Universidade para os doutores e Asociados para os non doutores) e non segundo a proposta feita polo Departamento. Opina que esta figura debe unificarse e ter un tratamento xeral.

O profesor Outes di se se lle está mentindo á Xunta de Goberno sobre os curricula e a procedencia dos visitantes propostos.

O profesor Tojo opina que se está a degradar a figura de visitante e que é necesaria unha normativa. Di que os visitantes non pasan un concurso público e ás veces quédanse varios anos.

O profesor Reigosa e Membiela indican que o que se está a aplicar é o que xa está no regulamento de profesorado.

O profesor Pérez Amor considera que é excesivo o número de prazas de visitantes en Economía Aplicada.

Aclara o profesor Gago, Director do Departamento de Economía Aplicada, que 8 das 10 prazas en cuestión son de renovación. Indica, ademais, que no sector xurídico social, a figura de visitante estase a utilizar en todo o país e non vai na liña do manifestado polo profesor Tojo.

O profesor Corbacho di que desexaría coñecer os curricula dos candidatos propostos.

Intervén en último lugar o Rector para propor que non se entre polo de agora na proposta do profesor R. Berrocal sobre o tipo de contrato e que se respecte a proposta do Departamento.

Prodúcese unha votación:

A favor dos profs. visitantes propostos	32 votos
En contra	0
Abstencións	4

Apróbanse os seguintes profesores visitantes

- D. Ángel Sebastian Comesaña Calvo, coa categoría de TIT-UN, do 15/12/99 ó 21/06/00
- D^a Diana Valverde Pérez, coa categoría de TIT-UN, do 27/09/99 ó 04/04/00
- D. Jesús Fernández Martín, coa categoría de TIT-UN, do 13/12/99 ó 22/06/00
- D. Nelson Pérez Guerra, coa categoría de ASOCIADO, do 27/09/99 ó 20/02/00
- D. Iván Le Creurer, coa categoría de TIT-UN, substitución baixa maternidade
- D. Anthony H. Clarke, coa categoría de TIT-UN, do 01/10/99 ó 30/09/00

- D. Knud Henrik K. Hansen, coa categoría de PP2, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D. José Manuel Domínguez González, coa categoría de PP2, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D. Roberto Martul Fernández, coa categoría de TIT-EU, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D. Manuel Vázquez Vázquez, coa categoría de PP2, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D^a Carmen Victoria Riverol Cañizares, coa categoría de TIT-EU, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D. Arno Formella, coa categoría de TIT-UN, do 1/10/99 ó 30/09/00
- D. David Olivieri, coa categoría de TIT-UN, do 1/10/99 ó 30/09/00
- D. Marko Virtanen, coa categoría de TIT-EU, do 1/10/99 ó 30/09/00
- D^a M^a Dolores Valdés Peña, coa categoría de TIT-UN, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D. Ubaldo García Palomares, coa categoría de TIT-UN, do 01/02/00 ó 30/09/00
- D^a M^a Anunciación Trapero Barreales, coa categoría de TIT-UN, do 27/09/99 ó 30/09/00
- D. Isidoro Blanco Cordero, coa categoría de TIT-UN, do 27/09/99 ó 30/09/00
- D. Francisco Lores Insúa, coa categoría de PP1, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D^a M^a José Caride Estévez, coa categoría de PP1, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D^a Eva Rodríguez Míguez, coa categoría de PP1, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D. Juan Pintos Clapés, coa categoría de PP1, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D. Philippe Polomé, coa categoría de PP1, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D^a Olga Cantó Sánchez, coa categoría de PP1, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D. Miguel Pérez-Nievas Montiel, coa categoría de PP1, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D. Miguel E. Rodríguez Méndez, coa categoría de PP1, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D^a M^a Xosé Vázquez Rodríguez, coa categoría de PP1, do 01/10/99 ó 30/09/00
- D. Antonio Molina Abraldes, coa categoría de PP1, do 01/10/99 ó 30/09/00

* Comisións de servizo:

- Á Universidade Complutense de Madrid para o profesor César Miñambres Puig.

* Licencias:

- Á profesora Dolores Troncoso Durán, do 01.10.99 ó 30.09.00

Acórdase que esta licencia se tramite da forma que resulte máis favorable para a devandita profesora.

A continuación dentro deste mesmo punto 3, de asuntos de profesorado, o Rector indica que quedan 21 prazas pendentes. Explica o documento sobre o custo actual das áreas de coñecemento e a estimación do custo das mesmas consonte no previsto no decreto de financiamento da Xunta de Galicia. Di que, sen mermar a impartición da docencia, habería que frear o crecemento de profesorado consolidable en certas áreas. Non se debería consolidar profesorado sen ter en conta a variable capítulo I.

Ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Reigosa di que as 21 prazas pendentes deben consolidarse xa que en termos globais hai folgura presupostaria e aínda estamos lonxe da media da universidade galega. Opina que aceptando os criterios da Xunta, despois de aprobar as nosas normas de organización docente, estamos renunciando á nosa autonomía universitaria.

O profesor Outes pregunta se os datos da Xunta son definitivos e o Rector responde que trátase do último borrador e que non se esperan cambios no que se refire ó chamado tramo básico de financiamento das Universidades.

A profesora Redondo indica que debería facerse o cálculo do programa de promoción e consolidación do profesorado non numerario. Pregunta se no cómputo da docencia se contemplan as horas de terceiro ciclo. O Rector indica que xa se fai un 10% de desconto en termos globais para afrontar horas de desconto para cargos académicos, terceiro ciclo, etc.

O profesor Barreiro opina que os datos deberían ser considerados por Campus.

O profesor Corbacho indica que as nosas antigas normas de organización docente están máis cerca dos criterios da Xunta que as novas. O Rector di que haberá que reelaborar as nosas normas en función dos datos da Xunta e o mesmo tempo tentar que ó longo dos anos vindeiros a Xunta corrixa algún dos actuais parámetros.

O profesor Candelas opina que este documento non debería afectar ás prazas pendentes e que deben saír todas no vindeiro concurso de profesorado.

O profesor Tojo di que deben saír as prazas de acordo coas nosas normas; que este modelo da Xunta hai que velo globalmente e que se se aplica a pequena escala saen barbaridades.

O profesor R. Berrocal di que por un criterio meramente económico non hai que renunciar ós nosos criterios. Di que estes datos só deben tomarse como un documento de traballo.

O profesor Durany di que esta información sobre o estado das áreas é moi interesante e clarificadora e que ten que ser tida en conta para equilibrar os cadros de persoal da Universidade. Opina que non tódalas prazas deben recibir igual tratamento, que hai que ver os diferentes casos das áreas afectadas.

Os profesores Correa e Martínez Peñalver (que solicitaron intervir na Xunta de Goberno) insistiron en que saian o concurso as prazas solicitadas polos Departamentos que eles dirixen.

O profesor Pérez Amor manifesta a opinión de que o Departamento de Física Aplicada séntese maltratado.

O profesor Gutiérrez pide que se corrixan os erros no cómputo dos profesores asociados nas áreas de Ciencias da Saúde.

O profesor R. Berrocal di que a aplicación destes criterios por áreas, prexudica ás áreas que fan unha planificación de calidade.

O Sr. Álvarez Moreira di que habendo superávit poden compensarse unhas áreas con outras e que se hai algunha área descompensada por cambio en planos de estudio debe compensarse máis adiante.

O profesor Gago recorda que non se cuestiona se saen ou non as prazas. Só se discute a categoría de praza consolidable ou non.

O Rector fai a seguinte proposta: que se lle encargue este traballo de revisión destas prazas á Comisión de docencia, que se considere unha folgura do financiamento da Xunta do 2 %, que se corrixa os datos e posibles erros e que se estudie praza a praza de acordo coa situación de cada área. Ademais deben terse en conta, se procede, as novas titulacións.

O profesor Reigosa propón que se apliquen estrictamente as normas de organización docente.

Votación:

A favor da proposta 1 (Rector)	21 votos
A favor de proposta 2 (profesor Reigosa)	13 votos
Abstencións	5

Apróbase a proposta do Sr. Rector

No punto 4, intervén o Vicerrector de Organización Académica expoñendo as liñas xerais da normativa de elaboración e modificación de planos de estudo. Explica os cambios con respecto á primeira redacción do documento, recollendo as ideas manifestadas na Xunta de Goberno do mes de xullo.

Antes de pasar a debater ou votar novas propostas prodúcese unha quenda de palabra na que interveñen:

- O Sr. Gómez Soler (sobre os créditos por equivalencia).
- A profesora López Vidal (sobre a limitación do número de orientacións e dos créditos optativos).
- O profesor Pérez Amor (sobre a composición das Xuntas de Titulación).
- O Sr. Álvarez Moreira (sobre a posibilidade de outorgar un título equivalente ó de diplomado a quen finalice un primeiro ciclo).
- O Sr Martínez Cacharrón (sobre materias chave).
- O profesor Cidrás (en relación coa carga lectiva global e coa limitación dos créditos optativos)
- O profesor Mazaira (sobre a posibilidade de que as Xuntas de Titulación manifesten as súas preferencias á hora de implantar orientación)
- O profesor Reigosa (sobre o cómputo da carga lectiva global cando o promedio de créditos non sexa significativo por dispensarse unha titulación en poucas universidades).
- O profesor Tojo (sobre a consideración por dispensarse unha titulación en poucas universidades).
- O profesor Surís (sobre a necesidade de que a xestión académica se axuste á estrutura cuadrimestral).
- O profesor Candelas (sobre o número mínimo de créditos por materia e sobre a conveniencia de que o que figura no apartado 3.1.b da páx. 21 debe ter a consideración de materias de libre elección; tamén indica que é aconsellable buscar un equilibrio entre o número de orientación e a optatividade).

A continuación concrépanse diversas propostas:

- Acéptase a proposta do Sr. Gómez Soler indicando no punto 2.11.3 sobre "créditos por equivalencia" que son créditos de libre elección.

- No apartado 2.10 relativo ás materias chave, o Rector propón que se concrete que o prerequisite sexa cursar e non aprobar a materia chave. Tamén propón que se cambie curso académico por cuatrimestre.

O profesor Pérez Amor considera pouco seria esa proposta e di que sería un erro académico.

Prodúcese unha votación:

A favor da proposta do Sr. Rector	20 votos
En contra	1 voto
Abstención	3

Apróbase a proposta

O profesor Pérez Amor desexa que conste na acta a súa oposición.

- A suxestión do Sr. Álvarez Moreira de obter un título de Diplomado ou Enxeñeiro Técnico a quen supere o primeiro ciclo é considerada legalmente inviable pola Xunta de Goberno.

- O Sr. Álvarez Moreira propón que no punto 4.1.2., se indique que o acceso ó 2º ciclo non esté condicionado á aprobación de ningún número ou porcentaxe de créditos de 1º ciclo.

Prodúcese unha votación:

A favor da proposta	20 votos
En contra	1 voto
Abstención	3

Apróbase

- O profesor Pérez Amor, no punto 3.3 sobre a composición das Xuntas de Titulación propón que se contemple un representante de tódalas áreas de coñecemento. O profesor Gago non está de acordo coa proposta. Pásase a votar:

A favor da proposta do profesor Pérez Amor	2 votos
En contra	20 votos
Abstención	2

Mantense o texto

- O profesor Cidrás no apartado 1.2.3, e para computar a carga lectiva global máxima, propón que se engada "agás aqueles casos que estean debidamente xustificados"

Nese punto o Vicerrector de Organización Académica propón que se eliminen do cómputo os planos de estudio con maior e con menor carga lectiva global.

Pásase á votación:

A favor da proposta do Vicerrector	20 votos
A favor da proposta do profesor Cidrás	1 voto
Abstencións	1

- Sobre a limitación da optatividade, os profesores Cidrás e Reigosa propoñen que non se poña a limitación do 20% e que se teña en conta a media da optatividade das titulacións correspondentes.

O Vicerrector de Organización Académica defende o texto, ou sexa a limitación do 20%, (entendendo que pode xogarse entre o número de orientacións e a optatividade en cada orientación)

Prodúcese unha votación:

A favor do texto	14 votos
A favor da proposta	1 voto
Abstencións	6

Mantense o texto

Acéptase a proposta do profesor Cidrás de engadir unha disposición transitoria para as titulacións que na actualidade contén con especialidades pendentes de aprobación polo "Consejo de Universidades" como titulacións de Segundo Ciclo.

Acéptase, a proposta do profesor Durany, reformular a redacción do punto 1.4 do anexo I cambiando límite de prazas por matrícula media.

Acéptase a proposta do profesor Mazaira de indicar, por parte das Xuntas de Titulación, as preferencias na posta en marcha de orientacións.

Elimínase, a proposta do profesor Candelas, a posibilidade de facer excepcións cando se considera o número mínimo de créditos por materia (punto 2.2)

Elimínase o punto 1.b. do anexo I

Sobre a proposta de considerar unha maioría cualificada nas Xuntas de Titulación, en lugar de maioría simple, (proposta do profesor Tojo), prodúcese unha votación

A favor do texto	17 votos
En contra	4 votos
Abstencións	1

Mantense o texto

Por último, vótase en conxunto todo o documento

A favor	17 votos
En contra	1 voto
Abstención	3

O profesor Pérez Amor desexa que conste na acta o seu voto en contra

Apróbase o documento incorporando os cambios aprobados nesta Xunta de Goberno
(ANEXO)

Punto 5. Apróbase por asentimento

Punto 6. Rogos e preguntas:

O Sr. Gómez Soler pregunta se a Biblioteca do novo edificio de Empresariais e Peritos vai abrir de noite. Pregunta como se vai informar ós estudantes dos créditos a estudantes ó 0% segundo o establecido no Convenio con Caixavigo. Pregunta tamén se xa está en marcha a Oficina de Voluntariado e se está publicado o estatuto de Colexios Maiores e Residencias da Universidade de Vigo. Roga que se acelere a aprobación das novas normas de xestión académica.

ñ

O profesor Mazaira roga que a Comisión de Doutoramento notifique a prórroga ós alumnos afectados de terceiro ciclo, se é o caso, de expedientes procedentes doutras universidades. Roga que a porta máis grande do Campus de Ourense se manteña aberta.

O Sr. Álvarez Moreira entrega por escrito os seguintes rogos e preguntas:

Rogo conteste ás seguintes cuestións (e sexan reseñadas na acta, de maneira somera, o sentido das respostas).

Con respecto ás preguntas e rogos sobre as situacións anómalas ocorridas no curso 98-99 durante a matrícula relacionadas na anterior sesión ¿ poderá indicarme se a algunha delas se lle aplicou ou aplicará algunha solución? ¿ podería especificar as mesmas ?

¿Para cando estará aberta a sede da OFOE (Oficina de Orientación ou Emprego) en Pontevedra, ó igual que as existentes en Vigo e Ourense? ¿Hai algún tipo de problema na E.U.I.T.F. co espacio, con carácter transitorio, asignado á OFOE no dito centro?

Rogo que, tal como se indicou en anteriores sesións, se informe a tódolos membros

de Xunta de Goberno das reunións de sesións das diferentes comisións. Unha das formas sería, por exemplo, que tódalas secretarías dos vicerrectores enviaran a convocatoria de cada sesión a través da lista de correo electrónico "Xunta-Goberno". Esta posibilidade podería ser ampliada ós claustrais nas convocatorias de comisións de Claustro coa lista "Claustro".

Os informes relacionados no artigo 34.3d do Regulamento de Profesorado sobre aquelas materias que entre xuño e setembro non fosen superadas por máis do 20% de matriculados . ¿Cal é o prazo e ante quen deberán presentarse os do curso 98-99? ¿Hai algún departamento que non enviase informe dalgunha materia en cursos pasados?

As Comisións de Adaptación que se aprobaron o curso pasado ¿serán de aplicación no presente curso? Caso contrario ¿Cal será a solución no presente curso para alumnos co mesmo problema?.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 20 horas do día 13 de setembro de 1999 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo